

xeral de desenvolvemento e execución de lei que soamente se pode efectuar mediante real decreto do Consello de Ministros, logo de ditame do Consello de Estado.

O citado número terceiro da disposición adicional cuadraxésimo cuarta refírese a regulamentos de carácter técnico, isto é, un regulamento que aborde os aspectos técnicos da prestación do servizo da televisión dixital terrestre para garantir que a prestación a efectúen todos os eventuais prestameiros del de conformidade cos criterios e estándares de calidade que a Administración considere en cada caso pertinentes.

En consecuencia, e para dar efectivo cumprimento á sentenza do Tribunal Supremo, aprobouse o Real decreto 945/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de prestación do servizo da televisión dixital terrestre no que se recolle de forma unitaria e sistemática o réxime xurídico de prestación do servizo de televisión dixital terrestre que é, fundamentalmente, o establecido na orde anulada. Así mesmo, neste regulamento indícanse aqueles aspectos que por se referiren a cuestións técnicas deben ser obxecto de desenvolvemento no correspondente regulamento técnico de prestación do servizo que deberá ser aprobado por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispón:

Artigo 1. *Obxecto da orde.*

Constitúe o obxecto desta orde a aprobación do Regulamento técnico e de prestación do servizo de televisión dixital terrestre, no cal se establecen, con carácter xeral, as condicións técnicas de prestación do servizo e, en particular, as relativas á explotación do servizo mediante xestión indirecta, en desenvolvemento do establecido na disposición cuadraxésimo cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, e no artigo 5 do Regulamento xeral de prestación do servizo da televisión dixital terrestre, aprobado polo Real decreto 945/2005, do 29 de xullo.

Artigo 2. *Especificacións técnicas dos transmisores.*

As especificacións técnicas dos transmisores das estacións de televisión dixital terrestre serán conformes co modo 8k da norma europea de telecomunicacións EN 300 744, ou as que, se é o caso, se establezan nos correspondentes plans técnicos nacionais de televisión dixital terrestre.

Artigo 3. *Normas aplicables á prestación do servizo de televisión dixital terrestre.*

A xestión directa do servizo axustarase ao establecido na Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, do estatuto da radio e a televisión, e na Lei 46/1983, do 26 de decembro, reguladora do terceira canle de televisión e ao que, se é o caso, estableza a normativa que a substitúa. Así mesmo, será de aplicación o disposto na Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres e as súas sucesivas modificacións, e, no relativo a contidos, o previsto na Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros, relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva e as súas sucesivas modificacións.

Artigo 4. *Normas aplicables á prestación do servizo de televisión dixital terrestre, mediante xestión indirecta.*

1. A xestión indirecta do servizo por entidades privadas axustarase ao disposto na Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, no non modificado pola disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei 66/1997, do 30 de dec-

embro. Así mesmo, será de aplicación o disposto na Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres e as súas sucesivas modificacións, e, no relativo a contidos, o previsto na Lei 25/1994.

2. Os órganos competentes para o outorgamento dos correspondentes títulos aprobarán de conformidade co disposto no Regulamento xeral de prestación do servizo da televisión dixital terrestre, aprobado polo Real decreto 945/2005, do 29 de xullo, os pregos de bases administrativas e condicións técnicas de explotación do servizo que deberán conter, cando menos, a regulación dos seguintes aspectos:

a) Os dereitos e obrigas dos titulares das concesións, establecendo que a explotación do servizo será, en todo caso, a risco e ventura do concesionario, sendo da súa conta a indemnización de todos os danos que se causen, tanto á Administración contratante como a terceiros, como consecuencia das actuacións que requira a execución do contrato, salvo daquelas que sexan efecto directo e inmediato dunha orde da Administración ou cando o dano se produza por causa imputable a esta.

b) Compromiso de cobertura e calidade do servizo. No prego de bases administrativas particulares fixarase o prazo máximo de posta en funcionamento do servizo, o calendario de despregamento territorial e zonas de servizo que se deberán cubrir como mínimo en cada etapa, así como os criterios e obrigas de calidade do servizo.

c) Delimitación do ámbito xeográfico de prestación do servizo, prazo da concesión e indicación do recurso do dominio público radioeléctrico utilizado como soporte para o exercicio dos dereitos derivados da concesión.

d) Normativa sobre contidos aplicable, de acordo co disposto na Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros, relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva e as súas sucesivas modificacións.

e) Facultades reservadas ás administracións públicas competentes en materia de outorgamento do título habilitante, modificación, inspección, supervisión e réxime sancionador.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido na presente orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de xullo de 2005.

MONTILLA AGUILERA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

13120 REAL DECRETO 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina. («BOE» 181, do 30-7-2005.)

O Regulamento (CE) n.º 21/2004 do Consello, do 17 de decembro de 2003, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e as Directivas 92/102/CEE e 64/432/CEE, ten por obxecto

conseguir a implantación dun sistema común de identificación e rexistro dos animais destas especies. Deixa, non obstante, certa marxe de discrecionalidade aos Estados membros, principalmente relacionada cos medios de identificación e que neste real decreto se establecen e detallan. O sistema fundaméntase en elementos básicos como son os medios de identificación aplicables aos animais, os rexistros actualizados de cada explotación, os documentos de traslado que deben acompañar os movementos dos animais e unha base de datos informatizada que garantirá o rexistro polas autoridades competentes de todas as explotacións e todos os movementos e traslados dos ovinos e caprinos no territorio do Estado.

Pola súa parte, a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, establece no seu artigo 53 que a Administración xeral do Estado creará un rexistro nacional de carácter informativo, na forma e condicións que se determinen regulamentariamente, no cal se incluírán os datos básicos dos movementos de animais dentro do territorio nacional.

De acordo coa experiencia adquirida por España na aplicación da identificación electrónica dos animais, tanto no marco do proxecto da Comisión sobre identificación electrónica do gando (IDEA), como en experiencias de ámbito nacional, dentro da marxe que o Regulamento (CE) n.º 21/2004 permite para a decisión dos Estados membros, optouse pola implantación dun sistema baseado en tecnoloxía de radiofrecuencia e polo bolo ruminal como medio de identificación electrónico. Entre as vantaxes que presenta este sistema con respecto aos demais, podemos destacar a elevada permanencia no animal, fácil localización, ausencia de fallos e roturas, grandes dificultades para a súa alteración e fraude, facilidade de recuperación en matadoiro, así como a súa inocuidade e seguranza de uso para o animal e o home.

A fabricación de identificadores baseados en tecnoloxía de radiofrecuencia deberíase axustar aos estándares do Organismo Internacional de Normalización (ISO). Cos avances no campo da normalización no noso país, os dispositivos e o seu funcionamento encóntranse estandarizados nas normas españolas UNE 68402, UNE-ISO 11784 e UNE-ISO 11785. Así mesmo, a norma UNE-ISO 11784, establece que «asegurar a unicidade do código de identificación nacional é responsabilidade nacional».

En consecuencia, resulta necesario establecer un procedemento para evitar a duplicidade dos códigos utilizados e garantir a súa unicidade no nivel estatal para as tecnoloxías coñecidas na actualidade, ao mesmo tempo que se establece un vínculo entre a Administración, os usuarios e os provedores de dispositivos de identificación, así como tamén se fai necesario designar a autoridade nacional que vai velar pola garantía da unicidade dos códigos.

As decisións adoptadas en relación coa identificación electrónica no ámbito deste real decreto contarán co asesoramento do Comité español de identificación electrónica dos animais (CEIEA) creado pola Orde APA/2405/2002, do 27 de setembro.

Pola súa parte, o Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os Regulamentos (CEE) n.º 2019/93, (CE) n.º 1452/2001, (CE) n.º 1453/2001, (CE) n.º 1454/2001, (CE) n.º 1868/94, (CE) n.º 1251/1999, (CE) n.º 1254/1999, (CE) n.º 1673/2000, (CEE) n.º 2358/71 e (CE) n.º 2529/2001, inclúe dentro do seu anexo III, «Requisitos legais de xestión a que se refiren os artigos 3 e 4», aqueles requisitos que se deberán respectar para efectos da aplicación da condicionalidade, o cumprimento da Directiva 92/102/CEE do Consello, do 27 de novembro de 1992, relativa á identificación e rexistro de animais. O Regulamento n.º (CE) 21/2004 derogou a citada directiva no que se refire á

identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina e modificou o Regulamento (CE) n.º 1782/2003 para engadir no seu anexo III un punto referente ao cumprimento do Regulamento (CE) n.º 21/2004. Así mesmo, no artigo 18 do citado Regulamento (CE) n.º 1782/2003, modificado polo Regulamento (CE) n.º 21/2004, establece que en caso de se aplicar o artigo 67 e reter unha parte dos importes destinados aos pagamentos por ovino e caprino para efectuar un pagamento adicional, o sistema integrado de xestión e control disporá dun sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina establecido de conformidade co Regulamento (CE) n.º 21/2004.

Da mesma forma, para os efectos de que o produtor de leite de ovella ou de cabra poida cumprir as súas obrigas respecto á rastrexabilidade, abórdanse determinados aspectos relativos ao seguimento do produto.

A través desta norma modifícase o disposto polo Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina ovina e caprina, que incorpora ao ordenamento interno os requisitos establecidos pola Directiva 92/102/CEE do Consello, do 27 de novembro de 1992, relativa á identificación e ao rexistro do gando, modificada polo artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 21/2004. Desta forma as disposicións do Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, quedan circunscritas á especie porcina.

Á vista de todo o anterior, dítase este real decreto con obxecto de establecer as bases do sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina que se aplicará en España aos animais nados a partir do 9 de xullo de 2005.

Por outra parte, é necesario proceder a unha modificación do Real decreto 2353/2004, do 23 de decembro, sobre determinados réximes de axuda comunitarios á agricultura para a campaña 2005/2006, e á gandaría para o ano 2005, ante as circunstancias excepcionais creadas polas medidas sanitarias de restricións de movementos a causa da lingua azul, e por existir unha contradición co Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro de 2004, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, no que respecta aos réximes de axuda previstos nos títulos IV e IV bis do citado regulamento e á utilización das terras retiradas da produción con vistas á obtención de materias primas.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xullo de 2005,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as características básicas do sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina en España, en virtude do disposto no Regulamento (CE) n.º 21/2004 do Consello, do 17 de decembro de 2003, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e as directivas 92/102/CEE e 64/432 CEE.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

- a) «Animal»: os animais das especies ovina e caprina.
- b) «Explotación»: calquera establecemento ou construción ou, no caso das explotacións ao aire libre, calquera lugar no territorio español en que se teñan, críen ou coiden animais dos previstos neste real decreto, de forma permanente ou temporal, excepto as consultas ou as clínicas veterinarias. Para estes efectos, entenderanse incluídos os núcleos zoolóxicos, os matadoiros, as instalacións dos operadores comerciais e os centros de concentración.
- c) «Posuidor ou titular»: calquera persoa física ou xurídica propietaria ou responsable dos animais, con carácter permanente ou temporal, mesmo durante o transporte ou nun mercado, excepto as consultas ou as clínicas veterinarias.
- d) «Movementos»: as entradas ou saídas de animais da explotación procedentes de ou con destino a calquera punto do territorio español.
- e) «Intercambios intracomunitarios»: os intercambios tal como se definen no artigo 2.c) do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro, polo que se establecen os controis veterinarios e zootécnicos aplicables nos intercambios intracomunitarios de determinados animais vivos e produtos con vistas á realización do mercado interior.
- f) «Autoridade competente»: o órgano competente das comunidades autónomas.
- g) «Identificador electrónico»: elemento destinado á identificación animal que contén un transpondedor.
- h) «Transpondedor»: dispositivo que transmite a información que ten almacenada cando é activado por un transceptor e que pode ser capaz de almacenar nova información.
- i) «Transceptor ou lector de radiofrecuencia»: dispositivo utilizado para comunicarse co transpondedor.
- j) «Código do transpondedor»: parte do código que se utiliza para identificación (exclúense os códigos de control como os de inicio, final e dígito de control).
- k) «Código de identificación animal»: conxunto de bits do código do transpondedor específico para a identificación dun animal.

Artigo 3. *Elementos do sistema de identificación e rexistro.*

O sistema de identificación e rexistro a que se refire este real decreto inclúe:

- a) Medios de identificación para a identificación de cada animal.
- b) Libros de rexistro actualizados en cada explotación.
- c) Documentos de traslado.
- d) Bases de datos informatizadas.

CAPÍTULO II

Medios de identificación

Artigo 4. *Descrición dos medios de identificación.*

1. Todos os animais nados en España despois do 9 de xullo de 2005, salvo as excepcións previstas no artigo 5, serán identificados mediante unha marca auricular e un identificador electrónico, autorizados pola autoridade competente.

2. A marca auricular consistirá nun pendente de plástico que se colocará, salvo imposibilidade material de

facelo, na orella dereita do animal, coas características recollidas na letra A do anexo I.

3. O identificador electrónico será un bolo ruminal, que deberá cumprir as características recollidas na letra C do anexo I.

4. A marca auricular e o identificador electrónico levarán un mesmo código de identificación que estará composto polos seguintes caracteres: a identificación de España segundo o código de país de acordo coa norma UNE-ISO 3166, mediante as letras ES no pendente ou o código 724 no identificador electrónico, seguidas de 12 caracteres numéricos que responderán ás seguintes estruturas:

- a) Dous díxitos que identifican a comunidade autónoma, de acordo coa táboa que figura como anexo II.
- b) 10 díxitos de identificación individual de animal.

5. A estrutura do código do transpondedor e do código de identificación animal deberán cumprir as características do anexo III.

6. Os medios de identificación colocaranse nos animais nun prazo máximo de seis meses a partir do seu nacemento e, en calquera caso, antes de que o animal abandone a explotación en que naceu. Non obstante, con carácter excepcional, as autoridades competentes poderán ampliar este prazo até nove meses para os animais criados en sistemas de gandaría extensiva, de acordo coas disposicións de aplicación que, se é o caso, poida establecer a Comisión Europea. As autoridades competentes notificarán á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación as excepcións concedidas ás explotacións afectadas co fin de trasladar esa información á Comisión.

Artigo 5. *Excepcións.*

1. Non obstante o disposto no artigo 4, os animais que se destinen a sacrificio antes dos 12 meses de idade dentro do territorio nacional poderanse identificar por medio dunha única marca auricular, aprobada pola autoridade competente, que se colocará, salvo imposibilidade material de facelo, na orella esquerda do animal, e que deberá cumprir coas características establecidas na letra B do anexo I.

2. Os animais que se destinen a intercambios intracomunitarios ou á exportación a países terceiros poderanse identificar excepcionalmente, logo de autorización da autoridade competente, mediante unha dobre marca auricular coas características previstas na letra A do anexo I.

3. Os animais da especie ovina pertencentes a determinadas razas, cuxo peso adulto ou desenvolvemento fisiolóxico característico común non permita ou non faga recomendable realizar a súa identificación cun identificador electrónico do tipo especificado no artigo 4.3, poderanse identificar mediante dúas marcas auriculares cun mesmo código, que se deberán axustar ás condicións establecidas nese artigo. Para acollerse a esta excepción, será necesaria a avaliación e informe previo do Comité español de identificación electrónica dos animais (CEIEA).

4. De maneira excepcional, para aqueles animais pertencentes a razas ou conxuntos raciais da especie caprina, que por motivos fisiolóxicos non ofrezan suficientes garantías de retención do bolo ruminal, as autoridades competentes poderán establecer as condicións e garantías necesarias para conceder excepcións respecto ao modelo de identificador que se utilizará neste caso. En tal caso, estes animais unicamente se poderán identificar de acordo co sistema e condicións que se detallan na letra D do anexo I. As excepcións que se establezan de acordo co disposto no presente número deberán ser notificadas

ao Comité español de identificación electrónica dos animais.

Artigo 6. *Asignación, distribución, colocación e destrución dos medios de identificación.*

1. Os medios de identificación serán asignados á explotación, distribuídos e colocados nos animais do modo que determine a autoridade competente.

2. Os medios de identificación previstos neste real decreto non serán reutilizables.

3. Non se poderá quitar nin substituír ningún medio de identificación sen a autorización da autoridade competente. No caso de perda ou deterioración dun medio de identificación, este será substituído, o antes posible, por un novo co mesmo código de identificación. Neste caso, no transpendedor que o substitúa indicárase o número de duplicado.

4. As autoridades competentes establecerán o sistema máis adecuado para que, após o sacrificio dos animais, se asegure a recuperación dos medios de identificación, garantindo, en particular, que o identificador electrónico non chegue á cadea alimentaria, así como a súa inactivación ou, cando proceda, destrución. No caso de morte do animal, velarase por que durante o proceso de transformación ou destrución do cadáver o identificador sexa, igualmente, inactivado ou destruído.

Artigo 7. *Identificación dos animais obxecto de intercambios cun país terceiro.*

1. Todo animal destinado á exportación a un país terceiro identificarase de acordo co previsto no artigo 4 ou, se é o caso, segundo o disposto no artigo 5.

2. Os animais importados dun país non comunitario que superasen satisfactoriamente os controis establecidos polo Real decreto 1430/1992, do 27 de novembro, polo que se establecen os principios relativos á organización de controis veterinarios e de identidade dos animais que se introducen na Comunidade procedentes de países terceiros, e que permanezan en territorio español serán identificados, de acordo co disposto no artigo 4 na primeira explotación de cría de destino en España nun prazo non superior a 14 días contados desde a data en que foron sometidos aos controis citados e, en calquera caso, antes de abandonar a explotación.

3. Non obstante, non será necesario identificar os animais se a primeira explotación de destino en España é un matadoiro e se sacrifican os animais no prazo de cinco días hábiles seguintes á realización dos controis mencionados no número 2.

4. A identificación orixinal establecida polo país terceiro de procedencia, xunto co código de identificación que se lle asigne en España, rexistrárase no libro de rexistro da explotación descrito no capítulo III.

Artigo 8. *Identificación dos animais obxecto de intercambios intracomunitarios.*

1. Todo animal destinado a intercambio intracomunitario identificarase de acordo co previsto no artigo 4 ou, se é o caso, segundo o disposto no artigo 5.

2. No caso dos animais que fosen identificados electronicamente, o número de identificación electrónica individual e as características do medio utilizado figurarán no certificado previsto para os intercambios polo Real decreto 1941/2004, do 27 de setembro, polo que se establecen as normas de policía sanitaria que regulan os intercambios intracomunitarios e as importacións de países terceiros de animais das especies ovina e caprina.

3. Todo animal procedente doutro Estado membro conservará a súa identificación de orixe.

4. No caso de perda ou deterioración dalgún dos medios de identificación, procederáse á súa reposición ou substitución por outro, con idéntico código de identificación ao da marca que se repón ou substitúe, cuxo modelo se axuste ao previsto neste real decreto.

CAPÍTULO III

Libro de rexistro na explotación

Artigo 9. *Libro de rexistro da explotación.*

1. Os titulares ou posuidores de animais, excepto o transportista, deberán levar na súa explotación, de maneira actualizada, un libro de rexistro de explotación, en diante «libro de rexistro».

2. O libro de rexistro terá un formato aprobado pola autoridade competente, levarase de forma manual ou informatizada e conterá os datos mínimos que se indican no número 1 do anexo IV. A partir do 1 de xaneiro de 2008, para cada animal identificado individualmente, engadirase a información que se indica no número 2 do citado anexo IV.

3. O libro de rexistro estará dispoñible na explotación e será accesible para a autoridade competente, por petición desta, durante un período non inferior a tres anos desde a última anotación.

4. As autoridades competentes comunicarán á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o modelo de libro de rexistro de explotación aprobado no seu territorio, para os efectos de que esta o comunique á Comisión Europea e aos demais Estados membros, en cumprimento co establecido polo artigo 5.6 do Regulamento (CE) n.º 21/2004.

CAPÍTULO IV

Documento de traslado

Artigo 10. *Documento de traslado.*

1. Todos os animais que sexan obxecto de movemento deberán ir acompañados dun documento de traslado debidamente cuberto polo titular ou posuidor dos animais ou pola autoridade competente. Neste último caso, os titulares ou posuidores facilitarán á autoridade competente os datos relativos ao movemento necesarios para cubrir o documento de traslado.

2. O modelo de documento de traslado será establecido polas autoridades competentes e conterá os datos mínimos que figuran no anexo V.

3. A partir do 1 de xaneiro de 2008, o documento de traslado recollerá, cando corresponda, ademais dos datos previstos no número anterior, o código individual de identificación de cada animal definido no artigo 4.4.

4. Os titulares ou posuidores deberán conservar os documentos de traslado dos animais que entraron e un duplicado dos documentos de traslado dos animais que saíron da súa explotación, durante un período mínimo de tres anos desde a data do movemento. Estes documentos estarán ao dispor da autoridade competente sempre que o requira.

5. Poderá considerarse como documento de traslado calquera documento, establecido na normativa vixente, que acompañe o movemento dos animais, en particular a documentación sanitaria, sempre que conteña, ao menos, os datos a que se refiren os números 2 e 3.

6. As autoridades competentes comunicarán á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación os modelos de documento de traslado,

para a súa remisión á Comisión Europea e aos demais Estados membros.

CAPÍTULO V

Bases de datos informatizadas

Artigo 11. *Rexistro de explotacións.*

1. Integrado no Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA) establecido no artigo 3 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, ao cal se aterá no que se refire ao seu contido e funcionamento, créase unha nova sección relativa ao Rexistro xeral de explotacións ovinas e caprinas. Este rexistro, adscrito á Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, conterá a información relativa a todas as explotacións destas especies situadas en España.

2. As comunidades autónomas inscribirán no rexistro as explotacións de acordo co establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, consonte as clasificacións previstas no número 3 deste artigo, e farán constar todos os datos establecidos no anexo II do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, salvo os números B.8) (clasificación segundo o sistema produtivo), B.10) (clasificación segundo a capacidade produtiva), B.11) (clasificación segundo a forma de cría), e B.15) (capacidade máxima), de acordo co disposto no último parágrafo da letra B de dicho anexo II.

3. Para os efectos da súa inclusión no Rexistro xeral de explotacións ovinas e caprinas, establécense as seguintes clasificacións zootécnicas:

a) Explotacións de reprodución: aquelas que dispoñen de femias reprodutoras, destinadas á produción de leite ou de años ou cabritos para seren vendidos no momento da desteta ou seren cebados.

De acordo coa súa orientación produtiva poden ser:

1.º Explotación para produción de leite: a que ten por obxecto a produción e, se é o caso, comercialización de leite ou produtos lácteos, polo que as ovellas ou cabras son sometidas a muxidura con tal finalidade.

2.º Explotación para produción de carne: a que ten por obxecto a produción de años ou cabritos destinados á produción de carne e, en consecuencia, as ovellas/cabras non son sometidas a muxidura con finalidade de comercializar leite ou produtos lácteos.

3.º Mixta: a que reúne varias orientacións produtivas.

b) Cebadeiros: aqueles que non dispoñen de animais destinados á reprodución e están dedicados á engorda de animais con destino a un matadoiro.

4. Os titulares das explotacións ovinas e caprinas, ademais de cumpriren coas obrigas previstas no artigo 4 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, deberanlle subministrar á autoridade competente, antes do 1 de marzo de cada ano, o censo total de animais, por especie, mantidos na súa explotación a día 1 de xaneiro, de acordo coas seguintes categorías de animais:

- Non-reprodutores de menos de catro meses.
- Non-reprodutores de catro a 12 meses.
- Reprodutores machos.
- Reprodutores femias.

Artigo 12. *Rexistro de movementos.*

1. Todos os movementos dos animais das especies ovina e caprina se integrarán nun rexistro nacional informatizado de movementos de gando que se constituirá cos datos rexistrados e subministrados polas comunidades autónomas e que deberá conter, ao menos, a información que figura no anexo VI.

2. O Rexistro xeral informatizado de movementos de animais das especies ovina e caprina, adscrito á Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, integrará os rexistros previstos no número anterior xestionados polas comunidades autónomas.

3. Os titulares ou posuidores de animais, excepto os transportistas, facilitarán ás autoridades competentes, na forma que estas establezan, e nun prazo máximo de sete días desde que se produza a entrada ou saída dos animais, a información relativa ao traslado de animais desde e cara á súa explotación.

Artigo 13. *Rexistro de animais identificados electronicamente.*

1. Todos os animais das especies ovina e caprina que sexan identificados electronicamente, segundo o disposto neste real decreto, integraranse nun rexistro informático que conteña ao menos os datos que figuran no anexo VII, e que se constituirá cos datos rexistrados e subministrados polas comunidades autónomas.

2. O Rexistro xeral informatizado de animais identificados electronicamente (RIAIE), adscrito á Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, integrará os rexistros previstos no número anterior xestionados polas comunidades autónomas.

3. As autoridades competentes establecerán a forma en que os posuidores ou titulares deberán facilitar, ao menos unha vez ao ano, a relación de animais identificados electronicamente presentes na explotación, para os efectos da actualización do seu rexistro.

Artigo 14. *Base de datos de códigos de identificación electrónica animal.*

1. Co obxectivo de asegurar a unicidade dos códigos de identificación electrónica utilizados para os animais das especies ovina e caprina, existirá unha base de datos de códigos de identificación electrónica animal, en diante base de datos, que se incluírá dentro do Rexistro xeral informatizado de animais identificados electronicamente.

2. A base de datos incluírá os datos que figuran nos rexistros xestionados polos órganos competentes das comunidades autónomas.

3. A base de datos conterá a totalidade dos códigos dos transpondedores e dos códigos de identificación animal adquiridos e asignados en España.

4. Sen prexuízo do establecido no número anterior, a base de datos conterá, ademais, todos os códigos de identificación animal que porten os animais procedentes de intercambios intracomunitarios.

5. A base de datos estará composta por un servidor central e unha rede de comunicacións que manterá unido permanentemente o servidor central e as aplicacións informáticas das autoridades competentes.

Artigo 15. *Xestión da base de datos de códigos de identificación electrónica animal.*

1. Para os efectos deste real decreto, será o Comité español de identificación electrónica dos animais, como órgano colexiado adscrito á Dirección Xeral de Gandería, o encargado de garantir a unicidade dos códigos dos transpondedores ante o Organismo Internacional de Normalización (ISO).

2. Este comité velará polo mantemento da base de datos de códigos de identificación electrónica animal e creará a estrutura orgánica necesaria para que cada código utilizado en España sexa único e irrepetible.

3. Os códigos dos transpondedores residirán nos ficheiros informáticos das autoridades competentes e poderán ser consultados polos órganos xestores da base

de datos de códigos de identificación electrónica animal, desde o servidor central.

4. As autoridades competentes introducirán na base de datos de códigos de identificación electrónica animal a información recollida no anexo VIII.

5. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas establecerán os medios adecuados para detectar a notificación de dous códigos idénticos á base de datos de códigos de identificación electrónica animal, así como para garantir a autenticidade e conservación dos ficheiros situados nos seus respectivos equipamentos.

6. A información que figura no anexo VIII manterase nos ficheiros das autoridades competentes por un período mínimo de 20 anos no caso dos códigos dos transpondedores asignados e por un período indefinido no caso dos códigos dos transpondedores adquiridos.

CAPÍTULO VI

Controis e sancións

Artigo 16. *Controis.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación exercerá unha función coordinadora no relacionado cos controis e, en particular, na selección das explotacións obxecto de inspección, co fin de garantir tanto a aplicación harmónica dos criterios de selección da mostra como, no que respecta ao nivel mínimo de controis que se deban realizar no marco do sistema de identificación e rexistro de animais da especie ovina e caprina, para asegurar o respecto das porcentaxes de inspección das explotacións situadas no territorio español, establecidos pola normativa comunitaria.

2. As autoridades competentes levarán a cabo inspeccións sobre o terreo que se poderán realizar de maneira conxunta con outras actuacións de control establecidas pola lexislación comunitaria, para verificar o cumprimento dos requisitos deste real decreto. A selección das explotacións que se van inspeccionar deberá ser realizada pola autoridade competente sobre a base dunha análise de risco. A realización da análise de risco para cada explotación deberá ter en conta os criterios formulados na normativa comunitaria e os que se establezan no nivel nacional.

3. O resultado de toda inspección sobre o terreo deberase reflectir nunha acta ou informe, que indique, con detalle, os resultados do control, calquera anomalía detectada, o motivo da realización e as persoas presentes nel. O posuidor ou a persoa que o represente deberá ter a posibilidade de asinar a acta e indicar as súas observacións respecto do seu contido.

4. As autoridades competentes remitirán anualmente, a partir do ano 2007, antes do 30 de abril, ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, un informe sobre as inspeccións realizadas, que inclúa polo menos os datos mencionados no anexo IX.

Artigo 17. *Incumprimentos e sancións.*

Sen prexuízo da aplicación das penalizacións previstas no Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, polo que se establecen disposicións para a aplicación da condicionalidade, a modulación e o sistema integrado de xestión e control previstos no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores, o incumprimento das disposicións deste real decreto e, en particular, a manipulación ou utilización irregular ou fraudulenta das marcas auriculares e documentos de traslado menciona-

dos nel dará lugar á aplicación das sancións establecidas na Lei do 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

CAPÍTULO VII

Financiamento do sistema

Artigo 18. *Participación financeira ao sostemento do sistema.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación contribuirá ao financiamento da implantación do sistema de identificación obrigatorio até un máximo do 50 por cento a partir do exercicio 2006. O financiamento efectuarase con cargo aos créditos dispoñibles na aplicación orzamentaria que para esta finalidade se determine nos orzamentos xerais do Estado para cada ano.

A participación do Ministerio de Agricultura, Pesca e alimentación será obxecto de distribución territorial conforme o previsto no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. Os posuidores definidos no artigo 2 contribuirán ao financiamento do custo restante do sistema de identificación e rexistro, na forma e contía que determinen os órganos competentes das comunidades autónomas.

Disposición adicional primeira. *Obrigas respecto á rastrexabilidade para os produtores de leite de ovella e cabra.*

1. Os produtores de leite de ovella e cabra que comercialicen leite deberán anotar nun rexistro todas as entregas de leite realizadas. O formato de libro de rexistro de entregas de leite será establecido pola autoridade competente, levarase de forma manual ou informatizada e nel consignaranse, ao menos, a data da entrega, a cantidade de produto (leite de ovella ou cabra) en kg, a matrícula do vehículo que realiza a recolla e o destino do leite (comprador) e, se é o caso, relación co documento comercial asociado (albará).

2. O rexistro de entregas de leite asociado a cada explotación servirá aos posuidores para os efectos de cumprir as súas obrigas respecto ao seguimento do produto establecido polo Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria.

Disposición adicional segunda. *Medios para as bases de datos informatizadas.*

As bases de datos informatizadas a que se refire capítulo V serán atendidas cos medios persoais e materiais existentes no Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación.

Disposición adicional terceira. *Participación financeira na posta en marcha do sistema durante o exercicio 2005.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación contribuirá ao financiamento da posta en marcha durante o exercicio 2005 do sistema de identificación obrigatorio, até un máximo do 60 por cento do custo da identificación dos animais. O financiamento no exercicio citado efectuarase con cargo aos créditos dispoñibles na aplicación orzamentaria prevista en 2005 para esta finalidade.

A participación do Ministerio de Agricultura, Pesca e alimentación será obxecto de distribución territorial conforme o previsto no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición transitoria única. *Validez do libro de rexistro de explotación anterior.*

Até o 31 de decembro de 2007, poderanse seguir a utilizar os exemplares existentes dos libros de rexistro establecidos de acordo co modelo definido no Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina, ovina e caprina, sempre que conteñan os datos mínimos establecidos no número 1 do anexo IV.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e ao abeiro do artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar, no ámbito das súas atribucións, as disposicións e medidas necesarias para o desenvolvemento do disposto neste real decreto. En particular, facúltase para a modificación dos anexos en función da experiencia adquirida e os avances técnicos, así como para a súa adaptación de acordo coas modificacións introducidas pola normativa comunitaria e para a modificación das datas mencionadas nos artigos 10.4 e 9.2. Así mesmo, facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para desenvolver o sistema de financiamento establecido no artigo 16.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de coordinación.*

Corresponden ao Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro creado polo Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, as funcións de coordinación en materia de identificación e rexistro das especies ovina e caprina e ao Comité español de identificación electrónica dos animais (CEIEA) establecido na Orde APA/2405/2002, do 27 de setembro, as relativas á coordinación e asesoramento técnico do citado comité en materia de identificación electrónica destas especies.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina, ovina e caprina.*

O Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina, ovina e caprina, modifícase do seguinte modo:

Un. O artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto establece as condicións mínimas para a identificación e o rexistro dos animais da especie porcina.»

Dous. A alínea a) do artigo 2 queda redactada do seguinte modo:

«a) «Animal»: calquera exemplar da especie porcina.»

Tres. Suprímese a alínea c) do número 1 do artigo 4.

Catro. O número 1 do artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«1. A identificación realizarase mediante unha marca, consistente nun pendente auricular ou nunha tatuaxe, que permite identificar a explotación de nacemento; desta marca deberase facer mención nos documentos de acompañamento dos animais.»

Cinco. Suprímese o artigo 8.

Seis. O número 1 do artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«1. A autoridade competente poderá decidir que os animais procedentes dun Estado membro da Comunidade Europea que cheguen ao territorio español sexan identificados de acordo cos requisitos dos artigos 5 e 7, e anotaranse as marcas substituídas, xunto coas novas que se asignen, nas follas previstas ao respecto no libro de rexistro previsto no número 4.»

Sete. O artigo 10 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 10. *Animais procedentes de países terceiros.*

Os animais importados dun país terceiro que satisfíxesen os controis establecidos polo Real decreto 1430/1992, do 27 de novembro, polo que se establecen os principios de organización de controis veterinarios e de identidade dos animais que se introducen na Comunidade e procedentes de países terceiros, que permanezan en territorio español, deberán ser identificados mediante unha marca conforme os artigos 5 e 7, nos 30 días seguintes aos controis mencionados e, en calquera caso, antes do seu movemento, salvo se o destino for un matadoiro situado en España e se sacrifica o animal nese prazo de 30 días.

As marcas substituídas, xunto coas novas que se asignen, anotaranse no libro de rexistro previsto no artigo 4.»

Nove. No anexo II suprímese o «anexo II-4 Follas de gando ovino e caprino».

Dez. Suprímese o anexo VI.

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto 2353/2004, do 23 de decembro, sobre determinados réximes de axuda comunitarios á agricultura para a campaña 2005/2006, e á gandaría para o ano 2005.*

O Real decreto 2353/2004, do 23 de decembro, sobre determinados réximes de axuda comunitarios á agricultura para a campaña 2005/2006, e á gandaría para o ano 2005, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 5 do artigo 49 queda redactado do seguinte modo:

«5. Os socios que figuren nunha solicitude presentada por un cebadeiro comunitario poderán, excepcionalmente no ano 2005, por razóns sanitarias extraordinarias, solicitar a prima especial por bovinos machos a título individual.

En ningún caso, a suma dos animais das solicitudes individuais e os correspondentes á solicitude presentada polo cebadeiro comunitario poderá superar o límite de 60 animais machos.

Nas solicitudes individuais o produtor deberá facer constar a súa condición de socio dun cebadeiro comunitario, que xa solicitou prima especial durante a presente campaña, e o número de animais que lle correspondían na citada solicitude.»

Dous. O número 5.4.2 do anexo XXIII queda redactado do seguinte modo:

«5.4.2 Compromiso de presentar as declaracións de censo conforme o establecido no artigo 52 deste real decreto.»

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 29 de xullo de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Características dos medios de identificación

A. Características das marcas auriculares dos animais.

1. A marca auricular consistirá nun pendente plástico de cor amarela, fabricado de material inalterable, a proba de falsificacións, non reutilizable, cunha forma que lle permita permanecer suxeito ao animal sen que se manque, facilmente visible á distancia e durante toda a vida do animal.

2. Levará impreso, de forma indeleble, o código de identificación do animal, definido no número 4 do artigo 4.

3. Adicionalmente, poderán conter un código de barras ou calquera outra información complementaria, sempre que isto non afecte a lexibilidade do código de identificación.

B. Características das marcas auriculares establecidas no número 1 do artigo 5.

1. A marca consistirá nun pendente de material plástico (de cor amarela) fabricado de material inalterable, a proba de falsificacións, non reutilizable, cunha forma que lle permita permanecer suxeito ao animal sen que se manque, facilmente visible á distancia e durante toda a vida do animal e levará, unicamente, inscricións indelebles.

2. Levará o código de identificación da explotación de nacemento, segundo a estrutura establecida no artigo 5 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA).

C. Características dos identificadores electrónicos.

1. Os identificadores electrónicos deberanse axustar ao cumprimento das normas UNE-ISO 11784 e UNE-ISO 11785.

2. A estrutura do código do transpondedor e do código de identificación animal será a prevista no anexo III.

3. Tratarase de transpondedores pasivos, soamente de lectura, que utilicen a tecnoloxía HDX ou FDX-B.

4. Deberán ser lexibles por medio de equipamentos de lectura, correspondentes á norma UNE-ISO 11785, e aptos para a lectura de transpondedores HDX e FDX-B.

5. A distancia mínima de lectura deberá ser de 20 cm, no caso dos lectores portátiles, e de 50 cm, no caso dos lectores fixos.

D. Sistema e condicións referidos no número 4 do artigo 5 para os animais da especie caprina.

No caso de animais da especie caprina nos cales se constate incapacidade de retención do bolo ruminal, poderase optar como segundo medio de identificación por:

1. Pendente coas características da letra A deste anexo.

2. Un identificador inxectable aplicado na cara posterior do metacarpo, enriba do espazo interdixital e na dirección vertical descendente ou dirección dorso ventral da extremidade dianteira esquerda, que deberá cumprir as características dos identificadores electrónicos definidas no número C deste anexo. Neste caso os animais non se poderán destinar ao comercio intracomunitario nin á exportación, nin poderán pasar á cadea alimentaria.

ANEXO II

Códigos identificativos das comunidades autónomas

- 01 Andalucía.
- 02 Aragón.
- 03 Principado de Asturias.
- 04 Illes Balears.
- 05 Canarias.
- 06 Cantabria.
- 07 Castilla-La Mancha.
- 08 Castilla y León.
- 09 Cataluña.
- 10 Extremadura.
- 11 Galicia.
- 12 Madrid.
- 13 Región de Murcia.
- 14 Comunidade Foral de Navarra.
- 15 País Vasco.
- 16 La Rioja.
- 17 Comunidad Valenciana.

ANEXO III

Código do transpondedor e de identificación animal

A. Estrutura do código do transpondedor.

1. O código do transpondedor estará formado pola estrutura que figura na norma UNE-ISO 11784 e as súas posteriores modificacións.

2. A estrutura do código do transpondedor deberá estar composta, ao menos, por un espazo reservado para o código do país, código da especie, código de identificación animal e para o contador de duplicados emitidos por código.

3. Todos os códigos dos transpondedores distribuídos en España, no ámbito deste real decreto, deberán levar no bloque de bits reservado para o código do país os díxitos «724», equivalentes a España, segundo a norma UNE-EN-ISO 3166.

Non está permitida a utilización dos díxitos «724» fóra do ámbito de aplicación deste real decreto.

4. No bloque reservado para o código da especie, indicárase a codificación seguinte:

Código de especie	Especie animal
01	Cabalos, asnos e machos.
02	Animais da especie bovina.
03	Animais da especie porcina.
04	Animais das especies ovina e caprina.
05	Galos, galiñas, patos, gansos, pavos e pintadas, das especies domésticas.
06	Os demais animais vivos.

B. Código de identificación animal.

1. No bloque reservado para o código de identificación do animal indicárase, nos dous primeiros díxitos, o código da comunidade autónoma segundo a codificación establecida no anexo II.

2. Cada comunidade autónoma poderá utilizar un total de 10.000 millóns de códigos de identificación animal, que comezarán polo código da comunidade autónoma establecido no anexo II.

3. Cada comunidade autónoma poderá adquirir códigos dos transpondedores cuxo código de identificación animal estea comprendido nas series indicadas no cadro seguinte.

Comunidade autónoma	Series de códigos que utiliza cada comunidade autónoma
Andalucía.	010000000000 ao 019999999999
Aragón.	020000000000 ao 029999999999
Principado de Asturias.	030000000000 ao 039999999999
Illes Balears.	040000000000 ao 049999999999
Canarias.	050000000000 ao 059999999999
Cantabria.	060000000000 ao 069999999999
Castilla-La Mancha.	070000000000 ao 079999999999
Castilla y León.	080000000000 ao 089999999999
Cataluña.	090000000000 ao 099999999999
Extremadura.	100000000000 ao 109999999999
Galicia.	110000000000 ao 119999999999
Madrid.	120000000000 ao 129999999999
Región de Murcia.	130000000000 ao 139999999999
Comunidad Foral de Navarra.	140000000000 ao 149999999999
País Vasco.	150000000000 ao 159999999999
La Rioja.	160000000000 ao 169999999999
Comunidad Valenciana.	170000000000 ao 179999999999

4. Cando unha comunidade autónoma esgote completamente unha das series asignadas segundo o número anterior, deberá solicitar ao Comité español de identificación electrónica dos animais a utilización doutra serie, inutilizada até ese momento.

5. A totalidade de códigos de identificación animal utilizados en España estarán incluídos no intervalo comprendido entre o código 000000000000 e o 274877906943.

C. Unicidade de códigos de identificación animal.

1. A autoridade competente deberá garantir que se asignou un só código do transpondedor por cada identificador implantado.

2. No código do transpondedor reservárase un bloque para indicar o número de duplicados emitidos por código de identificación animal.

3. O primeiro código do transpondedor asignado levará no bloque reservado para o contador de duplica-

dos por código a codificación «0». Calquera duplicidade necesaria do código de identificación animal deberase marcar co número ordinal correspondente ao número de veces que se solicitou un duplicado do código, até un máximo de 7.

ANEXO IV

Datos mínimos do libro de rexistro de explotación

O libro de rexistro de explotación levará como mínimo os datos seguintes:

1. A partir da entrada en vigor deste real decreto:
 - a) Código de explotación.
 - b) Nome, coordenadas xeográficas e/ou enderezo da explotación.
 - c) Identificación do titular, NIF/CIF, teléfono e enderezo completo
 - d) Especies mantidas, ovino ou caprino, e clasificación da explotación, desagregada por cada unha das establecidas no número 3 do artigo 11.
 - e) Inspeccións e controis: data de realización, motivo, número de acta, se é o caso, e identificación do veterinario actuante.
 - f) Entrada de animais, por especie: data, cantidade de animais e categoría a que pertencen desagregado por cada unha das clasificacións establecidas no número 4 do artigo 11; código da explotación de procedencia e número de guía, certificado sanitario ou documento de traslado.
 - g) Saída de animais por especie: data, cantidade de animais e categoría a que pertencen desagregado por cada unha das clasificacións establecidas no número 4 do artigo 11; nome do transportista, número de matrícula da parte do medio de transporte que conteña os animais, código da explotación, incluíndo matadoiros, ou lugar de destino e número de guía, certificado sanitario ou documento de traslado.
 - h) Censo total de animais mantidos por explotación durante o ano anterior, desagregado por cada unha das clasificacións e de acordo coas declaracións previstas no número 4 do artigo 11.
 - i) Balance de reprodutores cada vez que se realice unha entrada, saída ou que os animais da propia explotación accedan á condición de reprodutores.
 - j) Substitucións de medios de identificación por perdas ou deterioracións ou para a anotación das marcas que se coloquen en animais que procedan de países terceiros, indicando a data da acción.
 - k) Nome, apelidos e sinatura do representante das autoridades competentes que comprobouse o rexistro e a data en que se levou a cabo a comprobación.
- Non obstante, o libro de rexistro dos matadoiros poderá non incluír os datos contidos nas alíneas d), e), g), i), j) e k) anteriores.

2. A partir do 1 de xaneiro de 2008 rexistrárase, adicionalmente, á información mencionada no número 1, para cada animal, nacido despois desa data, identificado individualmente:

- a) Código de identificación do animal.
- b) Ano de nacemento e data de identificación.
- c) Raza e, se se coñece, o xenotipo.
- d) Mes e ano se o animal morreu na explotación.

ANEXO V

Datos mínimos do documento de traslado

- a) Código identificativo do movemento (código da comunidade autónoma seguido de 16 díxitos).
- b) O código de identificación da explotación de orixe.

c) O nome, os apelidos e o enderezo de posuidor ou titular.

d) O número total de animais trasladados e categoría a que pertencen desagregado por cada unha das clasificacións establecidas no número 4 do artigo 11.

e) Relación de códigos de identificación dos animais de acordo coa excepción establecida no número 1 do artigo 5.

f) O código de identificación da explotación de destino

g) Os datos relativos ao medio de transporte e ao transportista, incluído o seu número de autorización, número de matrícula da parte do medio de transporte que conteña os animais.

h) A data de saída.

i) A sinatura do posuidor ou titular.

ANEXO VI

Datos mínimos do rexistro de nacional de movementos dos animais ovinos e caprinos

a) Código identificativo do documento de traslado.

b) Código de identificación da explotación de orixe.

c) Data de saída.

d) Número e categoría de animais trasladados.

e) Código de identificación da explotación de destino.

f) Data de chegada.

ANEXO VII

Datos mínimos do Rexistro de animais identificados electronicamente

a) Código de identificación do animal.

b) Especie, sexo e raza

c) Ano de nacemento e data de identificación.

d) Código da explotación en que foi identificado.

e) Tipo de identificador electrónico, bolo ruminal, inxectable ou pendente electrónico no caso de animais procedentes doutros Estados membros con este sistema.

f) Control de substitucións de códigos de identificación animal.

ANEXO VIII

Datos mínimos da base de datos de códigos de identificación electrónica animal

1. Códigos dos transpondedores adquiridos:

a) Serie de códigos adquirida.

b) Número de identificadores que compoñen a serie.

c) Nome comercial do fornecedor.

d) Tipo de identificadores adquiridos.

e) Data de adquisición.

2. Códigos dos transpondedores asignados:

a) Intervalos de códigos dos identificadores asignados.

b) Código da explotación.

c) Data de asignación.

d) Especie de destino.

ANEXO IX

Datos mínimos do informe anual das comunidades autónomas remitido ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación sobre as inspeccións realizadas

1. Información xeral sobre animais e inspeccións.

O número de explotacións ovinas e caprinas situadas no seu ámbito territorial ao inicio do período de referencia.

O número de explotacións inspeccionadas no marco deste real decreto.

Total de inspeccións realizadas

Ovinos Caprinos

O número de animais rexistrados no seu ámbito territorial ao comezo de período.

O número de animais en explotacións inspeccionadas

2. Categoría dos incumprimentos e número de animais e explotacións.

Animais afectados

Explotacións
afectadas

Ovinos Caprinos

1. Anomalía na identificación do animal.
2. Discrepancia no libro de rexistro da explotación.
3. Falta de notificación de movemento.
4. Anomalía no documento de movemento.
5. Animais e explotacións cun único incumprimento dos mencionados nos puntos 1 a 4.
6. Animais e explotacións con máis dun incumprimento dos mencionados nos puntos 1 a 4.
7. Total de animais e explotacións con incumprimentos, suma dos puntos 5 e 6.

3. Sancións impostas

Animais afectados

Explotacións
afectadas

Total